



CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COA ASOCIACIÓN DA MAN

Redondela, 18 de decembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa do Ilmo. Concello de Redondela, dona Digna Rosa Rivas Gómez, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra, dona María del Pilar Martínez González, con DNI 35999766 M e enderezo na rúa das Cardosas, 13, 36800 Redondela, correo electrónico jesanti2002@hotmail.com, en calidade de presidenta da Asociación DAMAN con CIF G 94036282, cos mesmos enderezo e correo electrónico daman.org@gmail.com, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que para tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Redondela ten competencia en materia de prestación da protección da salubridade pública; na participación na xestión da atención primaria da saúde; así mesmo a prestación de servizos sociais; todo isto segundo establecen as disposicións transitorias primeira e segunda da Lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e o artigo 3 e disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os Municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

SEGUNDO.- Que a Asociación DAMAN figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 236. Que a Asociación DAMAN ten como fin xenérico a mellora das condicións de vida das comunidades máis pobres do mundo. Para isto, realiza, entre outras, as seguintes actividades:

- ▲ Axuda e intervención sanitaria.
- ▲ Axuda no campo educativo.
- ▲ Subministración de elementos non perecedeiros
- ▲ Sensibilización, dentro do ámbito municipal, en centros escolares, eventos municipais...

Que sendo os obxetivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ambas as dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo ós seguintes

ANTECEDENTES


PRIMEIRO.- Que a Asociación DAMAN presenta:

a) Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

b) Declaración responsable de estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) Declaración responsable respecto á obriga contida no artigo 25 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.

d) Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total.




SEGUNDO .- A Asociación DAMAN vén desenvolvendo ó longo destes anos actuacións relacionadas coa atención sanitaria/sensibilización para dar a coñecer as necesidades da xente do Senegal e ó mesmo tempo que isto poida permitirlle obter novos fondos económicos que permitan sufragar todos os gastos que ten para acometer os proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

Debido ás características singulares e propias deste labor non é posible encadrar esta subvención dentro dun procedemento de concesión de subvencións de concorrencia.

En virtude do anteriormente exposto, o Concello de Redondela e a Asociación DAMAN acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS



PRIMEIRA.- Que a Asociación DAMAN está interesada en recibir un patrocinio por parte do Concello de Redondela co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica as actuacións de sensibilización en centros escolares e en diferentes eventos. Patrocinio que se encadra dentro do xa extenso labor, dentro das súas posibilidades, que realiza o Concello no ámbito da prestación de servizos no ámbito dos servizos sociais e da sanidade.

SEGUNDA.- Que o Concello de Redondela está interesado en mellorar e promover un servizo que axuda a xente cunha situación difícil, todo elo dentro da competencia xenérica do Ilmo. Concello de Redondela para satisfacer todo tipo de necesidades veciñais que lles outorga o artigo 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRA.- Tal como se establece no punto anterior, estando o Concello de Redondela interesado na promoción dunha actividade sanitaria e de servizos sociais e, como se di na exposición segunda, tendo a realización das diversas actividades unha



CONCELLO DE REDONDELA

importante repercusión nos devanditos territorios. É por iso que se demostra deste xeito o interese social polo que o Concello de Redondela ven de decidir de asinar un convenio coa Asociación DAMAN.

Así, no Orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 26 de xullo de 2018 e publicado o día 5 de setembro no boletín oficial da provincia, prorrogado para o ano 2019, recóllese aplicación orzamentaria para o outorgamento da subvención 2311A/480.0010. Con posterioridade e por Resolución de Alcaldía de data 16 de decembro de 2019, aprobouse outorgar unha subvención por importe de 2.412,23 € (DOUS MIL CATROCENTOS DOCE EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS) a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- A Asociación DAMAN comprométese a seguir realizando as actividades antes mencionadas, como ata agora o veñen facendo e en concreto a:

- a) A sensibilización en centros escolares e en diferentes eventos.
- b) Comprométese a facer constar na publicidade realizada por calquera medio que as actividades e servizos que realice contan coa colaboración do Concello de Redondela. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e o nome do Concello de Redondela. A Asociación Da Man comprométese a unha utilización respectuosa do nome e da imaxe do Concello de Redondela.
- c) A prestar calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a achegar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais ou debidamente compulsadas, polo menos, polo importe de 2.412,23 € (DOUS MIL CATROCENTOS DOCE EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS) co obxecto de verificar que a actividade se desenvolveu e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación só poderá referirse a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos dos pagamentos a conta. No caso de que ó finalizar o prazo para a xustificación, non se xustificase a totalidade da subvención procederase automaticamente á anulación da subvención polo non xustificado.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ó establecido legalmente no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, a xustificación terá unha relación directa coas actividades subvencionadas. Os gastos xustificadas non poderán ter o carácter de investimento. No caso de que se presenten copias das facturas, á parte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura se utilizou para xustificar unha subvención.

En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



xustificación. En caso de que non estea conforme coa xustificación requirirá á Asociación DAMAN a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente.

Na xustificación do gasto mediante nóminas, éstas deberán vir acompañadas dun certificado da/o Secretaria/o da Asociación no que se estableza cal é a porcentaxe do importe da devandita(s) nómina(s) que se imputa(n) á xustificación.

Para o caso de xustificación de seguros sociais a cargo da Asociación, se non se deduce claramente da nómina, deberá constar certificado da/o Secretaria/o no que se estableza a contía imputable á xustificación. Este importe deberá ser acorde coa cantidade imputada do salario da/o empregada/o.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta reducirase proporcionalmente á cantidade xustificada.

Os libramentos dos fondos realizarase a medida que se vaia xustificando o gasto.

O prazo máximo para a xustificación será antes do 24 de decembro.

Así mesmo, coa xustificación da subvención a Asociación DAMAN deberá presentar:

1. Memoria detallada da actividade realizada, en que consistiu, e o número de participantes na actividade.
2. Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio.
3. Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.
4. Declaración de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Redondela.
5. Declaración de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
6. Que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.
7. Unha certificación de atoparse ó corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.
8. Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.
9. O gasto total que tivo que asumir a entidade beneficiaria.

Previamente á aprobación do gasto, a área de Servizos Sociais procederá á valoración de se, coa xustificación presentada pola Asociación DAMAN se cumpre coa finalidade da subvención.

Por último a Asociación DAMAN comprométese a non participar na concesión de subvencións que podería outorgar o Ilmo. Concello de Redondela conforme ás Bases de subvencións aprobadas no seu día pola Alcaldía ou órgano competente mentres dure a vixencia deste convenio pola mesma actividade que se recolle neste documento.



CONCELLO DE REDONDELA

SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de :

- △ Tramitar a xustificación que presente no seu momento a Asociación DAMAN.
- △ A colaborar no desenvolvemento deste convenio.
- △ Asumir unicamente o compromiso económico que se recolle na cláusula terceira, imputándose ao exercicio orzamentario do ano 2019.

Debido ás características deste convenio non é necesario establecer consecuencias no caso de incumprimento dos compromisos asumidos por cada parte, máis alá de que exista algún desperfecto nas instalacións, medios ou recursos, que no seu caso, puxera á súa disposición o Concello.

SÉTIMA.- A Asociación Da Man é a única responsable de cantos danos, tantos físicos coma materiais, poidan ocasionarse ao Concello de Redondela e sexan consecuencia directa ou indirecta do uso ou actividade desenvolvida na realización da(s) actuación(s) pola que se concede esta subvención, quedando exento de toda responsabilidade o Concello.

Así mesmo, a Asociación Da Man asume a responsabilidade civil derivada da realización da(s) actuación(s), polo que o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade.

Igualmente, o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade derivada de actos do persoal dependente da devandita entidade e de calquer persoa con quen esta se relacione.

Se o Concello fora condenado como responsable civil en procedemento civil ou penal, repercutirá a contía total á que ascende o fallo da sentenza á Asociación Da Man.

OITAVA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as outorgadas polo Concello. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da persoa que obsteña a representación da Asociación DAMAN de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividades a desenvolver polo beneficiario.

Por outro lado, a Asociación Da Man renuncia a participar de calquera outra axuda do Concello de Redondela aprobada dentro do ano 2019, con independencia do estado da súa tramitación.

NOVENA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- △ A Lei 38/2003, de 17 de novembro , Xeral de Subvencións.
- △ A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- △ O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento



CONCELLO DE REDONDELA

da lei 38/2003.

- △ A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- △ As Bases de Execución do Orzamento do Ilmo. Concello de Redondela.
- △ Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

DÉCIMA.- A Asociación DAMAN queda expresamente comprometida/o e coñece todo o establecido nos títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ao reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

UNDÉCIMA.- Este convenio ten carácter administrativo e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste. Corresponderá á Alcaldesa de Redondela a interpretación, modificación e resolución do convenio. As posibles modificacións realizaranse a proposta do Concello de Redondela e sempre e cando conte con informes favorables. Para o cumprimento da letra f) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a existencia dunha comisión paritaria na que a actuación do Concello deberá contar con informes favorables. O período de vixencia deste convenio finalizará coa aprobación da xustificación.

DUODÉCIMA.- Con respecto aos datos de carácter persoal que puideran derivarse da execución do presente convenio, as partes asinantes quedan expresamente obrigadas ao cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que representa ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia do convenio.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

O responsable do tratamento dos datos será o Concello de Redondela, puidendo a Asociación Da Man exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Redondela.

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



CONCELLO DE REDONDELA

Conforme co mesmo o asinan as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A Alcaldesa do Concello de Redondela

Asdo: Digna Rosa Rivas Gómez

A Presidenta da Asociación
DAMAN

Asdo: María del Pilar Martínez González

Anexo ó convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención.

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
2. Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicar ó Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.
5. Acreditar que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
6. Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ó beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.
9. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. Con carácter xeral deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.
11. As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Redondela. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que esta foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

- a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu n.i.f.ou c.i.f., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.
- b) Identificación completa do provedor ou contratista, especificando alomenos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F. Ou C.I.F, domicilio fiscal, localidade e código postal.
- c) Número de factura.
- d) Lugar e data de emisión da factura.
- e) Descrición suficiente do subministro realizado ou do servizo prestado, con detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.
- f) Período que corresponda.